



// Sector
Alimentario



// Localización
A Coruña



// Ano de constitución
1948



// N° empregados
20

// Descrición da empresa

Grupo de empresas cuxa orixe se remonta a 1948 e que, actualmente, afronta o relevo xeracional.

Contan con centros de produción e venda en Sada, Fonteculler, Carnoedo e A Coruña. Viven o negocio como o facía o seu avó, o fundador, preocupándose sempre pola calidade dos seus produtos. Esa é a súa razón de ser empresarial.

María Rodríguez
Xerente
Panaderías Carnoedo

"O Servizo de optimización financeira permitiunos identificar os riscos e axudarnos a medrar como empresa"

María Rodríguez. Xerente de Panaderías Carnoedo

Esta peme coruñesa tiña un reto de crecemento empresarial que levaba aparelladas unha necesidade de procura de financiamento e unha mellora dos controis internos neste ámbito. Isto motivounos para solicitar o servizo de optimización financeira. Deste xeito, souberon identificar os custos internos e recibir apoio no desenvolvemento do negocio.

O servizo proporcionoulles, a través dunha auditoría realizada polo axente colaborador, a identificación dos seus problemas financeiros, a elaboración e posta en marcha dunha estratexia para o proxecto innovador que querían acometer e a obtención dunha visión externa e definida dos perfís profesionais do persoal que traballa na empresa.

Así mesmo, o persoal directivo recibiu formación na área financeira para poder desenvolver no futuro un control máis exhaustivo e dunha forma autónoma.






// O resultado

Grazas á súa participación no programa Re-acciona, Panadería Carnoedo está preparada para afrontar os seus retos de futuro: iniciar o seu crecemento empresarial e facelo cunha estratexia financeira clara e sinxela.

Agora son conscientes dos seus custos e da súa situación económica, grazas á auditoría realizada e á formación recibida polo axente colaborador.

"A participación no programa Re-acciona mellorou a nosa capacidade económica, optimizando o control sobre o negocio e a nosa visión financeira"

María Rodríguez
Xerente de Panaderías Carnoedo



// Web

www.panaderiacarnoedo.blogspot.com



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.